



Román Montesinos: a imaxinación dun fotógrafo galego

FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

Con doce anos tivo a súa primeira cámara fotográfica, agasallo dos seus pais, coa que se divertía tirando fotos na praza de María Pita. Eran os anos sesenta.

Agora, tras expor na Asociación Cultural Alexandre Bóveda, da Coruña, o profesor universitario Román Montesinos dá a coñecer a súa obra fotográfica, baixo o título de "Esta guerra non prospera", en na Sala de Exposicións "Xosé Rei Lago" dous Muiños de Acea de Ama, O Burgo, Culleredo, do 18 de novembro ao 1 de decembro. Con posterioridade exhibirá as súas fotos na Facultade de Ciencias da Educación, na Universidade da Coruña, do 1 ao 31 de xaneiro próximo, e por último, está convidado ao emblemático local de O Forno, en Lugo, do 5 ao 28 de febreiro.

A fotografía é maxia. É modelar co ollo e a mente. É captar a atención de estraños e deixarlles un sinal. A imaxe é unha poderosa ferramenta de comunicación e de transmisión de vivencias, pensamentos, conformados segundo a realidade de quen os transmite- expresa Román

Montesinos, quen demostra coas súas fotos cheas de humor e ironía, o seu gran talento creativo e a súa imaxinación desbordante.

Son xeólogo especializado na paleontoloxía, e dou clases na Universidade da Coruña, por iso estou moi afeito a ver cousas que a xente non observa normalmente, evidenciar pequenos detalles, a buscar analogías, comparar, contrastar ideas... é dicir, todo aquilo que é común nunha actividade científica na que a filosofía ten unha gran presenza - di Román.

O proceso de ver algo, de revelalo, é como un escintileo. Podes buscar ou podes ver directamente algo dependendo do momento. Son asociacións de ideas, cruces neuronais... faíscas se queres chamarlle así. O instante final é a representación da idea e iso pode resultar, en moitas ocasións, bastante complexo. Neste punto xa interveñen ferramentas, composicións, cámara, obxectivo adecuado -asegura Román.

Encántame o humor galego que é

moi parecido en bastantes trazos ao humor inglés, con moita ironía e "retranca", e emprégoo nas miñas fotos. O humor pode ser un espello distorsionador de situacións, actitudes, filias e fobias da nosa sociedade, e penso que é necesario ser crítico no posible. Agora ben, non acepto o humor chabacano ou ferinte sen máis motivo que o de magoar -puntualiza.

As miñas fotos son para min como unha terapia moi útil nestes tempos que corren - finaliza.

